



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DE TUREXPO GALICIA 2019, IX EDICIÓN DO SALÓN TURÍSTICO DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e celebración da feira profesional TUREXPO GALICIA 2019 IX Salón Turístico de Galicia, que terá lugar entre o 6 e o 9 de xuño do 2019, e que nesta edición se levará a cabo mediante dúas actuacións, que terán lugar de forma conxunta no mesmo momento do ano, e que permitirán unha maior promoción do sector turístico galego e unha optimización dos recursos económicos aplicados a este fin, e que son:

Primeira actuación: Área de negocio, cunha Bolsa de Contratación Turística, e exposición comercial de produtos e servizos da industria turística.

Segunda actuación: Feira das Festas de Interese Turístico Festur.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



Xacobeo 2021





Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público de Galicia, nos termos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público e autonómico de Galicia, constituída no ano 1991, quedando baixo Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Fundación ten entre os seus obxectivos a dinamización de sectores estratéxicos da economía galega no recinto Feira Internacional de Galicia, para o que dispón da probada solvencia técnica e profesional e económico-financeira así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.

Terceiro.- En consonancia con estes obxectivos institucionais, dita Fundación é impulsora da organización e celebración da feira profesional relativa ao fomento do sector turístico galego denominada Turexpo Galicia. Esta feira ten por obxectivo poñer en contacto a oferta turística galega con maioristas nacionais e internacionais, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial.

Cuarto.- Esta IX edición do Salón Turístico de Galicia, TUREXPO GALICIA 2019, proxéctase seguindo a súa formulación inicial como unha ferramenta de promoción da industria turística da comunidade autónoma galega e como unha plataforma de comercialización internacional da súa oferta. Ademais nesta convocatoria búscase a súa potenciación como espazo de converxencia do sector.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Semana Verde de Galicia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos



Xacobeo 2021

